

COMEZA UN NOVO CURSO CON MÁIS RECORTES E SEN MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PROFESORADO GALEGO

Logo dun remate de curso no que a Consellaría amosou a súa faciana máis auténtica, illada da comunidade educativa e especialmente do profesorado, impondo unilateralmente peches de aulas e centros ou con supresións de ensinanzas da ESO en varios CPI, o novo curso 2017/18 comeza con continuísmo nas políticas educativas e de persoal da Consellaría, incrementando o profesorado suprimido e desprazado, abusando de novo de perfís con materias afíns disparatadas en secundaria e cun maior índice de itinerancias en primaria, ao tempo que se imponen maiores recortes nos cadros de persoal da maioría dos centros docentes. Todo acompañado dun maior apoio do PP ao ensino privado concertado e co mesmo desprezo e acoso cara o noso idioma que vimos nestes últimos anos.

Un curso que comezamos cunha Xunta que destaca de novo como alumna avantaxada na aplicación da LOMCE, o que nos dá máis motivos aínda para reforzar a loita do profesorado galego contra a LOMCE, os recortes, pola recuperación dos nosos dereitos laborais e pola defensa dun ensino público galego e de calidade.

O PP insiste no que mellor sabe facer: pechar aulas e reducir postos de traballo no ensino público

Na Mesa Sectorial do día 18 de xullo de 2017 viviuse un novo capítulo da política de recortes no ensino público da Consellaría de Educación. O peche de centros imposto unilateralmente pola Consellaría así como o traslado de ensinanzas da ESO, implicou unha redución importante de postos de traballo así como un empeoramento da oferta educativa e da calidade do ensino. Malia a falta absoluta de información por parte da Consellaría dos efectos do peche e traslado de ensinanzas, a CIG-Ensino puxo enriba da mesa as cifras que a Xunta agocha e deixou ao descuberto a verdadeira e única intencionalidade desta mal denominada “reestruturación”. En total foron, como mínimo, 31 postos de traballo os que se perderon por estes recortes. A cifra podería chegar a 35 se a Xunta desatende as necesidades de especialistas en PT que a día de hoxe existen por riba do Catálogo de Postos de Traballo debido ao elevado número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

A Consellaría non sabe conxugar o verbo negociar

Desde a CIG-Ensino fíxemos especial fincapé en que as formas en todo este proceso foron claramente vergoñentas, sen previo coñecemento dos centros, cunha decisión unilateral sen negociar ou recorrendo a chamadas telefónicas ou visitas aos centros no último minuto. Evidenciouse o autoritarismo da Consellaría e mesmo a covardía, fuxindo do debate público, da negociación cos sectores afectados, da comunicación co profesorado e ao resto da comunidade educativa. Todo para, en palabras do Consellei-

ro, non crear “alarma social”, cando foi precisamente iso o que causaron xunto cun enorme malestar e indignación.

O profesorado foi en todo momento desprezado e visto pola Consellaría como un elemento de usar e tirar e ao que lle cambian as condicións de traballo dun día para outro. Vimos como se adxudicaron prazas no concurso de traslados (CXT) para centros que a continuación pecharon ou eliminaron ensinanzas; cambios que nalgúns casos supoñen un claro retroceso nas condicións de traballo docente (cambio a centros con xornada partida, máis masificados, con horarios diferentes, etc...). Denunciamos tamén que o profesorado tivo coñecemento dos cambios e peches tarde, mal e arrastro e aqueles que perderon o posto de traballo nin sequera puideron participar na adxudicación de destinos provisionais xa que a publicación da orde demorou até o 4 de agosto, tendo que agardar a principios de setembro para coñecer o seu futuro para o vindeiro curso.

Non hai improvisación. Hai un programa frío e calculado para deteriorar o ensino público

É imposible crer que os recortes durante o verán responderan a unha improvisación de finais de curso. A Consellaría sabía perfectamente o que quería facer con moita antelación, mais é ben certo que tamén evidenciou que xunto co escurantismo e a ausencia de negociación se mestura a pésima xestión da Consellaría de Educación.

No fondo da cuestión, a política educativa do PP está agudizando o

problema que existe no medio rural e nas vilas de tamaño medio, cunha redución da oferta educativa que demostra a visión mercantilista da administración, contemplando o ensino como fríos números, coa calculadora que só opera para restar ou para maquiillar os recortes.

Mais non estamos só diante dun tema exclusivamente educativo. Ten un profundo alcance social. Asistimos a unha progresiva perda de poboación mentres desde o goberno se toman medidas que provocan un maior desarraigo, ao eliminar os poucos servizos que se lle ofrece á poboación que reside nestas vilas e áreas rurais próximas.

Ten a Consellaría un estudo feito do futuro dos CPI e dos centros incompletos no conxunto do país?

Desde a CIG-Ensino demandamos da Consellaría que informe sobre as súas pretensións ao respecto dos CPI do conxunto do país. Pensamos que se acaba de dar unha mensaxe perfectamente clara. Cando o conselleiro fala de anacronismo está indicando o futuro destes centros ou cando menos a súa intención. O mesmo podemos afirmar do que acontece con casos similares ao CEIP Emilio Navasqués en Outes. Son moitos os centros cun número igual ou mesmo inferior a este (72 matrículas) que poderían seguir o camiño do peche agora executado pola Xunta. Como CIG-Ensino defenderemos, como sempre o fixemos, un tratamento específico para o ensino no rural, coñecedores como somos da necesidade de apostar por unha mellora dos servizos públicos para fixar poboación e garantir o futuro do rural.

Peche de unitarias e eliminación de 100 postos de traballo no corpo de mestres

Só unha semana despois de se ter reunido a Mesa Sectorial (18 de xullo) e malia a insistencia da CIG-Ensinosa para que se negociaran os posibles cambios no catálogo de postos de traballo do corpo de mestres, a Consellaría, facendo gala da súa prepotencia e nula capacidade de negociación publicou no DOG unha nova machada contra os centros de Infantil e Primaria. E neste caso non só sen negociación previa senón mesmo sen ningún tipo de comunicación ás organizacións sindicais.

Os efectos deste novo golpe son os seguintes:

- 6 unidades e 9 postos de traballo nos Centros Rurais Agrupados.
- 58 unidades e 91 postos de traballo en Centros de Educación Infantil e Primaria, sendo destas unidades 33 de primaria e 36 de infantil.

As cifras de peche de aulas e de redución de postos de traballo non se ven para nada compensadas polo escasos incrementos de postos de traballo que tamén se inclúen na orde que actualiza os cadros de persoal dos colexios galego. Así créanse un total de 30 unidades que implican 57 novos postos de traballo. Na rea-



lidade estes postos e aulas non van supoñer ningún incremento no total de persoal docente en activo, xa que se trata de postos que xa estaban funcionando como aulas habilitadas e cubertas con docentes con destino provisional e que agora se oficializa no DOG a súa creación aos efectos de seren ofertados no próximo concurso de traslados.

En definitiva, o saldo final das modificacións introducidas pola Consellaría supón a eliminación de 39 unidades e 53 postos de traballo. A este recorte anunciado hoxe hai que sumar o recorte de 31 postos de traballo realizado polo peche de centros e traslado de ensinanzas en centros de Outes, As Pontes, O Porriño e Ribadavia.

Estas cifras de peche de aulas e dimensión de mestras engádense ás de

anos anteriores resultando que, en seis anos, a Consellaría de Educación leva suprimidas 64 escolas e 437 unidades. Todo isto mentres se manteñen ou incrementan os orzamentos destinados ao ensino privado.

Confírmase, por tanto, a política de desmantelamento do ensino público da Consellaría, antepoñendo os criterios economicistas á calidade da educación. Un desmantelamento que incide especialmente na atención ás necesidades educativas específicas e que vai redundar na masificación das aulas debido ao incremento das rateos e a imposibilidade de realizar desdobres, así como á redución de oferta de aulas e de profesorado no medio rural, provocando que se agrupe a un maior número de alumnado de diferentes niveis e mesmo etapas educativas.

Resultado das modificacións do catálogo de mestras e mestres:

PROVINCIAS	UNIDADES SUPRIMIDAS	POSTOS DE TRABALLO SUPRIMIDOS	UNIDADES CREADAS	POSTOS DE TRABALLO CREADOS
A CORUÑA	26	41	7	13
LUGO	5	8	9	16
OURENSE	6	5	7	13
PONTEVEDRA	32	46	7	15
GALIZA	69	100	30	57

Medra case nun 15% o total de mestras suprimidas mentres aumenta a provisionalidade nos colexios de infantil e primaria

A adxudicación de destinos provisionais no corpo de mestres destaca polas itinerancias e pola non cobertura dalgunhas prazas do catálogo de postos de traballo

Todo o profesorado do corpo de mestres que non ten destino definitivo incorporouse ao seu destino provisional para o curso 2017/18 o 1 de setembro. Neste novo curso escolar as cifras que salientamos desde a CIG-Ensino, logo dun estudo completo da adxudicación, son as dun elevado número de vacantes con itinerancias. Dun total de 2.458 mestras e mestres que obtiveron destino provisional, un 18% terán que impartir docencia en máis dun centro, sendo nalgúns casos as itinerancias de 4 centros. Especial importancia dentro das itinerancias teñen as persoas que serán orientadoras, xa que sen variar o total de prazas adxudicadas, 166, as que teñen que atender máis dun centro incrementáanse un 9% ao respecto do curso pasado.

Cabe destacar que tamén nos atopamos con casos de mestras que, ademais de ter que andar dun centro para outro, tamén terán que impartir materias das que non son especialistas, situación que afecta ao 19% das 444 persoas que teñen itinerancias. A impartición de afíns segue o seu curso, con cifras similares ás dos dous últimos cursos, moi superiores ás de anos anteriores.

En cifras globais aumenta o número de mestras e mestres que non teñen destino definitivo, e non polo incremento do persoal interino que se mantén en cifras case iguais que o ano pasado (1130) senón polos efec-

tos dos recortes de postos de traballo e de peches de centros. Así, o colectivo de persoas suprimidas dispárase case un 15% en só un curso, mentres que a insuficiente oferta de vacantes nos concursos de traslados non logra frear o número de funcionariado de carreira que non obtivo aínda o seu primeiro destino definitivo (un 16% máis que no curso 2016/17).

Prazas catalogadas sen adxudicar

Só unha semana despois de actualizar o catálogo de postos de traballo dos colexios de infantil, primaria e educación especial, no que a Xunta incidiu na súa política de recortes, suprimindo 100 postos de traballo, á primeira de cambio a administración educativa decide incumprir a propia norma que obriga a dotar eses postos e deixa quedar algunha prazas sen profesorado. Algúns exemplos son o CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal, o CRA Novo Mencer de Coristanco, o CEIP Antonio Blanco do Covelo, o CEIP de Louro ou o CEIP José Cornide da Coruña.

Hai ademais necesidades dos centros que non foron atendidas pola inspección educativa, o que levará unha vez máis a un inicio de curso con demandas da comunidade educativa para


que se atendan as necesidades de apoio educativo específico ou a necesidade de reducir elevadas ratios.

Facer fronte á provisionalidade e á inestabilidade

A CIG-Ensino demanda a recuperación das condicións de traballo que foron retiradas polo goberno Feijóo en 2009, retornando ás 21 horas lectivas como máximo, o que implicaría un incremento importante de docentes, con maiores ofertas de emprego público e, consecuentemente, unha mellora non só nas nosas condicións de traballo senón na propia calidade do sistema educativo galego.

É fundamental fixar os claustros, aumentando o máximo posíbel o número de mestras e mestres con destino definitivo, reducindo á mínima expresión o tempo de provisionalidade, que nalgúns especialidades se prolonga desde o 2010.

A inestabilidade laboral, cunha porcentaxe de persoal interino que supón o 46% do total de docentes sen destino definitivo (1.130) ten que vir obviamente de ofertas amplas de emprego mais acompañadas dun acordo de estabilidade, algo que a CIG-Ensino sempre defendeu e seguirá a defender.



Aumenta a provisionalidade no ensino público e empeoran as condicións de traballo do profesorado

Máis dun 28% do profesorado provisional de secundaria impartirá materias das que non é especialista

Un curso máis a Consellaría de Educación ven de dar novas mostras da precarización do traballo do profesorado con destino provisional dos corpos docentes de secundaria. No estudo realizado pola CIG-Ensino da adxudicación de destinos provisionais poden observarse claros indicios do que vai ser un novo curso con peores condicións de traballo para aquel profesorado que non ten destino definitivo, ben porque o perdeu recentemente polo peche de centros e a supresión de docentes ou ben porque levan anos en expectativa de destino ou como persoal interino.

Máis do 28% do profesorado con destino provisional nos IES e outros centros de FP, EOI ou ensinanzas de réxime especial impartirá no curso 2017/18 materias das que non é especialista mentres se incrementa o número total do colectivo. A Consellaría ten neste momento un total de 4.444 docentes con destino provisional e destes, 1.271 van impartir unha ou dúas materias afíns, ademais da impartición en moitos casos de ámbitos propios da FP Básica ou dos PMAR (Programas de Mellora de Aprendizaxe e Rendemento) da ESO.


Os recortes de profesorado disparan o empeoramento das condicións de traballo

A ampliación de 18 a 20 horas lectivas desde o curso 2010, así como os continuos recortes nos cadros docentes levan a que haxa profesorado iti-

nerante compartindo dous centros ou compatibilizando esas itinerancias coa impartición de afíns. Iso, xunto coa masificación en moitas aulas, o peche doutras ou a negativa a autorizar desdobres ou aulas máis reducidas para atender mellor as necesidades

de apoio específico do alumnado, leva non só a unha perda da calidade educativa senón tamén a un claro empeoramento das condicións de traballo do profesorado galego.

A Consellaría tomou a decisión neste curso de non considerar como afín a impartición dos ámbitos, cando implican a impartición de diferentes materias de perfil lingüístico ou tecnolóxico. Así, quérese enmascarar unha realidade que como CIG-Ensino denunciámos reiteradamente nestes últimos cursos, coa aparición de perfís con 3, 4 ou até 5 afíns. Isto agora queda en moitos casos disfrazado coa impartición de ámbitos e unha ou dúas afíns, mais mantendo



practicamente igual o abuso nalgúns perfís ou o disparate noutros.

Á vista das adxudicacións a CIG-Ensino alerta novamente sobre os perfís dalgúns prazas que non teñen ningunha afinidade, prazas con dúas afíns e dúas afíns sumadas aos ámbitos, ou o feito de que determinadas prazas con perfís estraños recaian ano tras ano nas mesmas persoas.

Cabe igualmente salientar como totalmente irregular que nun só centro se adxudique máis dunha praza dunha mesma materia coas mesmas afíns. Mais aínda é máis lamentábel constatar como en moitos casos esas afíns non se chegan a impartir despois, o que supón unha discriminación para quen non puido acceder a esas vacantes se se ofertaran correctamente.

A provisionalidade como inestabilidade no posto de traballo.

Un 61% do profesorado con destino provisional é interino (763 interinos e 1.935 substitutos) e 807 son funcionarios de carreira que nunca obtive-

ron aínda destino definitivo, levando algunhas persoas até 10 anos nesta situación. Cifras que son un claro exemplo da denuncia que como CIG-Ensino vimos facendo desde o ano 2010 co recorte de prazas nas oposicións. Urxe tomar medidas no camiño de incrementar os cadros de persoal para mellorar as condicións de traballo e a calidade do propio sistema educativo e facelo con importantes ofertas de emprego público que rebasen os límites fixados para conxelar o actual número de persoal docente, mais sen descoidar a estabilidade do persoal interino. Hai moitas especialidades, especialmente na FP, nas EOI e nas ensinanzas de réxime especial, nas que só hai profesorado interino

con destino provisional.

Os máis de oitocentos docentes en expectativa de destino dos corpos de secundaria teñen dereito a que a administración educativa poña fin á provisionalidade á que se ven atados. A situación no canto de mellorar, empeora cada curso. Este ano o profesorado en expectativa incrementouse nun 27% ao respecto do curso 2016/17. Como CIG-Ensino demandamos incansabelmente que todo o profesorado funcionario de carreira acade o seu primeiro destino definitivo no prazo máximo de 2 anos, para o cal é preciso que a Consellaría desbloquee numerosas prazas nos concursos de traslados.

A CIG Ensino denuncia que a Consellaría de Educación mantén os concertos aos centros que segregan por sexo

A Consellaría segue a aplicar a LOMCE en toda a súa crueza contra o Ensino Público Galego

O 21 de agosto, en pleno período vacacional como en anos anteriores, coa intención de que pase desapercibida para a sociedade galega, o DOG publica a ORDE do 10 de agosto de 2017 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, e de formación profesional. en pleno período vacacional coa intención de que pase desapercibida para a sociedade galega, o DOG publica a orde pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, e de formación profesional.

Nesta orde aplicase a LOMCE en toda a súa crueza contra o ensino público galego, xa que a máis de manter os concertos aos centros que segregan por cuestión de xénero fixa a duración dos concertos en seis anos, cando isto só é preceptivo para a o ensino primario; é dicir, o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, vai máis alá da LOMCE na defensa do Ensino Concertado. En contraposición a este crecemento do ensino privado concertado temos a unha Consellaría que practica un recorte sistemático, inxustificable e inaceptábel no ensino público, suprimindo centros, unidades e profesorado.

O mantemento dos concertos aos centros educativos que segregan ao

alumnado por razón de xénero (CPR Aloia, CPR Las Acacias, CPR Montecastelo, CPR Montespino e CPR Peñarredonda) convértese na demostración de que este goberno do PP está disposto a favorecer a determinado tipo de centros, publicamente vinculados co Opus Dei. Recordamos que estes concertos mantivéronse de forma contraria á lei no seu momento, logo dunha sentenza gañada pola CIG-Ensino contra a subvención a estes centros segregadores.

A CIG-Ensino considera totalmente inaceptábel e un insulto á sociedade galega esta privatización do ensino e denuncia a intención permanente desta Consellaría de favorecer as patronais do ensino privado.

O noso idioma, de novo no punto de mira



Ningún paso, ningunha medida, ningún movemento nin aceno. A política lingüística do PP á fronte da Xunta e especificamente na Consellaría de Educación, comeza o curso escolar 2017/18 exactamente na mesma liña fixada de reducir á mínima expresión a presenza do noso idioma en todas as etapas educativas.

A política de potenciamento do inglés, sen introducir medidas que garantan a presenza e a relevancia do galego en todo o sistema educativo galego, ademais de estar ausente de todo rigor desde a perspectiva pedagóxica, afonda nunha situación xa de por si grave, agora tamén coa extensión do denominado “plurilingüísmo” á educación infantil e ao bacharelato, o que sen dúbida virá a incidir na realidade que levou a que nos últimos

anos nos podamos encontrar con centros os que chega a haber máis material didáctico en inglés que en galego.

Ao tempo, mantense, como podemos observar nas instrucións publicadas pola Consellaría para o desenvolvemento do curso 2017/18 a discriminación da nosa lingua na ESO, cuxo alumnado seguirá a ter 31 horas en español fronte a 18 en galego se cursa ensinanzas aplicadas, e 21 se o fai con ensinanzas académicas, o que veu a agravar a situación creada desde a chegada de Feijóo á Xunta, co decreto 79/2010 que estigmatiza o idioma galego ao proscribilo de materias do ámbito científico como as Matemáticas, a Tecnoloxía ou a Física e Química.

Teremos que ser nós, o profesorado galego, quen novamente fagamos da defensa do noso idioma un elemento identificador da nosa aposta por un ensino galego e en galego, na certeza de que só poderemos falar dun futuro para o noso idioma se este se asenta nunha maior presenza no ámbito educativo. Como se non imos poder garantir algo tan básico e elemental como que o noso alumnado coñeza o noso idioma en igualdade de condicións co castelán, que é nin máis nin menos o que recolle a Lei de Normalización Lingüística?

Fronte a estratexia do PP de afogar e desprezar o noso idioma, desde a CIG-Ensino animamos todo o profesorado galego a galeguizar as nosas aulas e os nosos centros.

RETRIBUCIÓN

	Grupo A2 (Antes B)				Grupo A1 (Antes A)			
	Mestres* Nivel 21		Técnico/a F.P. Nivel 24		P. Secundaria Nivel 24		Catedrático/a Nivel 26	
	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra
Salario	978,26 €	713,44 €	978,26 €	713,44 €	1.131,36 €	698,12 €	1.131,36 €	698,12 €
Complemento de destino	482,88 €	482,88 €	594,64 €	594,64 €	594,64 €	594,64 €	712,25 €	712,25 €
Complemento específico	550,13 €	550,13 €	550,13 €	550,13 €	550,13 €	550,13 €	601,12 €	601,12 €
Titoría e outras func. docentes	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €	44,50 €
TOTAL	2.055,77 €	1.790,95 €	2.167,53 €	1.902,71 €	2.320,63 €	1.887,39 €	2.489,23€	2.055,99 €
Trienios	35,47	25,87	35,47	25,87	43,51	26,85	43,51	26,85

Podes consultar as retribucións completas (complementos, cargos, descontos...) na nosa páxina web.

Aínda non cobramos o 100% da paga extra nin recuperamos os descontos

A día de hoxe non recuperamos aínda a paga extra íntegra xa que hai unha parte dependente do Estado (soldo, trienios) que aínda seguimos tendo recortada nas pagas extras. Concretamente hai unha diferenza que vai desde os 262,19€ dun mestre ou mestra de primaria aos 428,94€ dun profesor ou profesora de secundaria.


Estes recortes aplícaos o Estado no Salario Base das pagas extra, e desde a CIG-Enseño seguiremos esixindo a recuperación íntegra desas contías.

A maiores, o profesorado galego sufriu uns recortes superiores nestes últimos anos, xa que o complemento específico (incluídos cargos, sexenios ou titoría) foron recortados nas extras polo goberno Feijóo, converténdonos nun dos colectivos con maiores recortes salariais de todo o Estado. Nada quedou do falso compromiso da Xunta e algunhas organizacións sindicais de recuperar eses recortes. O síndrome do bolígrafo lixeiro que acompaña desde hai décadas a algunhas organizacións sindicais á hora de asumir acordos que despois non se executan ten estas

consecuencias: papel mollado.

Erros nas contías das pagas extras

Nestas datas de principios de curso xa deberían estar regularizados os erros cometidos no pagamento das nóminas do mes de xuño, limitado en principio ao funcionariado en prácticas, ao no ter pagado o complemento específico no corpo de mestres mentres que nos corpos de secundaria houbo un cálculo incorrecto dun complemento que non correspondía pagar.



Oposicións

Que vai pasar nos próximos procesos selectivos no ensino público?

Na Mesa Sectorial de Educación do Estado reunida en Madrid o 28 de xuño os máximos responsábeis do MECD presentáronnos ás organizacións sindicais unhas liñas básicas das futuras ofertas de emprego que non responden ás necesidades de estabilidade do persoal e de mellora de calidade do ensino público.

Como CIG-Ensino amosámonos críticos co acordo subscrito entre o goberno do PP, CC.OO, CSIF e UGT, tal como fixemos cando se asinou, xa que implica dar por boa con carácter indefinido unha taxa de reposición do 100% no ensino público, cando até o ano 2010 esa limitación nunca existiu (a Xunta podía convocar as prazas que quixese nas oposicións con independencia do número de xubilacións). A consecuencia dese mal acordo supón a renuncia expresa a que nas ofertas de emprego que poida haber nos próximos anos se superen os efectos dos recortes, asumindo eses sindicatos o número total de docentes actuais e bendicindo os recortes os recortes de Feijóo desde 2009. De feito o MECD aclarou na Mesa, por se alguén tiña dúbidas, que nos próximos anos poderá haber unha oferta ampla porque se permitirá transitoriamente superar ese 100%. É dicir, abondaba con eliminar a taxa permanentemente, como reclamou a CIG-Ensino, para que se puidese falar de ofertas amplas sen necesidade de estaren limitadas no tempo, como se fai no acordo.

Os responsábeis do MECD adiantaron



que o seu propósito é desenvolver as tres ofertas de emprego nas que se pode superar o 100% en cinco convocatorias, rematando no ano 2022, diferenciando oferta de emprego de convocatorias. Mesmo comentaron a posibilidade de que neses cinco anos se puidesen alternar as convocatorias dos diferentes corpos. Desde a CIG-Ensino chamamos á atención ao MECD sobre un feito fundamental como é a plena competencia na xestión do persoal que a Xunta de Galicia ten, polo que falar sobre cantas prazas, de que corpos e especialidades ou en que anos se poden ofertar nun órgano como a Mesa Estatal está fóra de lugar ao non ser competencia do Estado.

Na última Mesa Sectorial Galega a CIG-Ensino demandou da Consellaría que exercera as súas funcións e que calquera negociación sobre as futuras ofertas de emprego tivese como marco a propia Mesa Sectorial e non os intereses que poida ter o Ministerio ou outras CC.AA. A Consellaría afirmou que non tiñan pensado

acomodar a súa oferta ao que fagan no resto do Estado nin que entrara nos seus cálculos alternar convocatorias (primaria, secundaria) como si fan noutros territorios.

Por tanto, o que agora mesmo está no aire son os seguintes temas:

- Cal vai ser a magnitude das ofertas dos próximos anos?

Desde a CIG-Ensino defenderemos que as ofertas sexan amplas mais que non se pode deixar de lado a situación do profesorado interino, para o que se debe negociar en paralelo un acordo de estabilidade, nomeadamente coas persoas maiores de 55 anos, algo ao que se nega tanto a Consellaría como os asinantes do actual acordo de persoal interino. Se a Xunta cumpre a súa palabra vai convocar sen ter en conta o que fagan no resto do Estado e en función do que consideren necesario, mais coa coartada do acordo dos demais sindicatos para non incrementar o número total de profesorado actual.

Neste marco é onde a CIG-Enseño esixirá un estudo claro das necesidades de persoal dos próximos anos e unhas ofertas de emprego que respondan suficientemente a esas necesidades.

- Como van ser as oposicións?

Vai haber un novo sistema de acceso? A posición do MECD foi claramente ambigua sobre cales son as súas auténticas intencións mais todo apunta a que poderían optar por manter de momento o actual sistema (sistema ordinario do RD 276/2007) e nos primeiros meses do curso 2017/18 decidir se negocian un novo sistema de ingreso. Na reunión que o MECD tivo, con posterioridade á Mesa Sectorial, con responsábeis das CC.AA., quedou enriba da Mesa este tema, mais cun principio de acordo polo cal, de haber algún cambio para o 2018 este tería que producirse, ao máis tardar, en outubro de 2017. Neste sentido desde a CIG-Enseño insistimos que, para alén da nosa proposta de acceso diferenciado, non formulamos ningún marco onde non se leve ao máximo a valoración do traballo docente desempeñado, para o que o actual RD 276/07 é claramente insuficiente. Defendemos, iso si, que os cambios, que deben ser negociados coas organizacións sindicais, deben ser coñecidos canto antes polas futuras persoas opositoras.

- Actualizaranse os temarios?

Ninguén dubida a día de hoxe que en moitas especialidades os temarios están obsoletos (a maioría sen actualizar desde os anos noventa) e de novo nos atopamos cun problema de calendario que non debería ter lu-



gar. Os temarios deben actualizarse mais, de facelo, debe ser canto antes para permitir que quen se presenta ás oposicións teña tempo dabondo para facer fronte aos cambios. O MECD afirmou que xa estaban traballando nos cambios mais novamente a falta de concreción da súa información non invita a ter claro o que vai pasar.

Garantías para o persoal interino

O goberno do PP fala de reducir a taxa de interinidade, absolutamente disparada polos efectos dos recortes dos gobernos, primeiro do PSOE e posteriormente do PP, mais co que en realidade nos atopamos é cunha situación na que quen causaron os problemas veñen agora a vender que traen as solucións, cando non se fala de recuperar os postos de traballo perdidos. Non podemos deixar de poñer o acento en que reducir a porcentaxe de persoal interino non implica buscar unha solución a quen durante anos serviu, en situación precaria, a manter o sistema educativo, xa que non se presenta ningunha proposta conducente a consolidar ao persoal que actualmente traballa.

Desde a CIG-Enseño sempre defendemos a vía do acceso diferenciado para facer fronte a dúas realidades que entran en conflito e que merecen unha atención distinta: a do persoal con servizos prestados e quen accede sen experiencia previa. Poñer como escudo permanentemente a cuestión da legalidade vixente como un mantra non é a solución. As limitacións existentes a nivel xudicial poden ser salvadas con cambios normativos do máximo nivel. Só hai que ter vontade política de facelo.

É obvio que calquera medida, e sobre todo en ofertas amplas tras anos de paralización e redución de emprego, deben vir acompañadas de plans de estabilidade, especialmente para quen leva tempo traballando e quen se atopa nunha idade xa avanzada. Mais de novo facemos fincapé, fronte a algunhas voces sindicais que parecen máis centralistas que o propio PP, que iso só se pode facer no ámbito autonómico, e será nel onde como CIG-Enseño insistiremos en camiñar cara un acordo que garanta a estabilidade, cando menos das persoas maiores de 55 anos.

A CIG-Ensino esixe que se poña fin aos abusos de autoridade por parte dalgúns inspectores e inspectoras

A CIG-Ensino esixe da Consellaría de Educación que dea traslado a todas as Xefaturas territoriais dunhas instrucións claras e contundentes para erradicar os abusos de autoridade de determinados inspectores e inspectoras e que aplique o Réxime disciplinario se corresponder.

Nos últimos cursos, nomeadamente nos cursos 2015-16 e 2016-17, a CIG-Ensino comprobou e tomou nota dos abusos de autoridade de determinados inspectores e inspectoras, dos que ten unha relación nominal. En cada caso a CIG-Ensino estivo ao lado do profesorado agredido e denunciou ante a Xefatura de Inspección, a Xefatura Territorial ou mesmo a Dirección Xeral de Persoal os abu-

sos cometidos.

A CIG-Ensino considera que os casos acaecidos non poden quedar sen máis nunha paralización dos abusos, senón que cómpre que a Consellaría actúe na mesma proporción que actúa contra o profesorado, pois os abusos cometidos tiveron, de feito, consecuencias, nomeadamente a intranquilidade do profesorado cuestionado ou investigado, e o acoso ao que se veu sometido.

Estamos falando de actuacións graves como negar a lexislación vixente, impor o seu criterio persoal en contra da lexislación, impor nomeamentos de dirección en contra da vontade da/os afectada/os, negarlle aos centros



**NON MÁIS
ABUSOS DA
INSPECCIÓN
EDUCATIVA**

e ao claustro os dereitos que establece a lexislación, abrir expedientes ao profesorado que puxo en coñecemento da inspección situacións irregulares, corrixir de maneira despectiva e insultante a documentación elaborada polo profesorado, etc.

A CIG-Ensino esixe da Consellaría que se advirta e se tomen as medidas correspondentes en relación ao persoal de inspección que abusa da súa autoridade e mesmo acosa o profesorado, e que se lle aplique o réxime de sancións que prevé o Réxime Disciplinario de aplicación ao funcionariado.

Esiximos o desenvolvemento da Lei pola igualdade e non discriminación de persoas LGBTI no ensino público


Desde a CIG-Ensino denunciámos que a Consellaría de Educación, tres anos despois da súa publicación, non ten desenvolvido nin o máis mínimo o que a propia Lei 2/2014 pola igualdade e non discriminación de persoas LGBTI en Galiza recolle no capítulo referido ao ámbito educativo. Non promoveu a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, tampouco fixo nada no referido á formación do persoal docente, ben sexa co xa existente nin no establecemento de pausas para incorporar a realidade LGTBI aos plans de estudos de estudos de Grao ou Mestrados de titulacións conducentes á docencia en calquera etapa educativa. Descoñecemos se



existen traballos de divulgación da realidade LGBTI entre as ANPAS mais non nos constan e o único ao que se limita a Consellaría é recoller na orde do calendario escolar unha simple declaración instando aos centros a que actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Nada máis.

Como en tantas ocasións, o traballo de moitos e moitas profesoras vai moi por diante da desidia que amosa decotío a Administración Educativa. É así como xa hai centros que teñen aprobado e desenvolvido plans de igualdade ou realizan actividades de visibilidade e respecto da diversidade afectivo-sexual. Mais isto non pode facer que esquezamos que é obriga da Consellaría desenvolver a propia Lei, co obxectivo de loitar contra o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e de promover dunha maneira efectiva unha formación docente que garanta que o profesorado teña todas as ferramentas precisas para apoiar a igualdade de xénero e promover que os nosos centros sexan realmente coeducativos e respectuosos coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar; libres por tanto de prexuízos, sexismos ou homofobias.

Todo isto implica que exista unha dotación orzamentaria que permita desenvolver á Lei pola igualdade e non discriminación de persoas LGTBI en Galiza, así como para poñer en marcha un Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade



de xénero, xunto con fondos precisos para un plan de formación para o persoal docente.

Desde a CIG-EnsinO apostamos por promover un ensino laico e de calidade que integre a dignificación e o recoñecemento das diferentes opcións sexuais e a diversidade familiar, educando na liberdade para enfocar a vida persoal e sexual de cada quen, a través da visibilidade desta realidade diversa nas materias educativas, impulsando e apoiando aquelas producións culturais e didácticas que inclúan a realidade LGTBI para potenciar referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade, poñendo especial fincapé na súa divulgación nos centros de ensino infantil, medio e superior.

Vivimos nunha sociedade heteropatriarcal que nos asigna roles por condicións de sexo, na que a liberdade

na identidade de xénero non está garantida e na que os estereotipos fomentados pola televisión, publicacións e as redes sociais que as difunden non fan nada doada a labor de erradicar dos nosos centros comportamentos discriminatorios contra os colectivos LGBTI.

Temos como docentes un papel importante para favorecer e promover entre o noso alumnado o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero. Sabemos que só desde o rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas, seremos quen de construímos unha sociedade máis libre e mellor. Desde a CIG-EnsinO animamos a todo o profesorado a traballar neste camiño e a esixir da Consellaría que asuma a súa responsabilidade neste terreo.

Máis información en www.cig-ensino.gal

O VII Congreso da CIG-Ensino elixe Suso Bermello como novo secretario nacional

Este curso escolar 2017/18 comeza tamén cunha importante renovación na dirección da CIG-Ensino. Suso Bermello foi elixido o 17 de xuño novo secretario nacional da CIG-Ensino no seu VII Congreso, en substitución do histórico Anxo Louzao, por 144 votos, sen que se producira ningún voto nulo nin abstencións, nunha xornada de avaliación do traballo feito e debate sobre as prioridades e retos futuros na que tamén se elixiu unha nova Executiva Federal e os membros da CIG-Ensino que representarán á federación no Consello Confederal, con idéntica unanimidade nas votacións.

A nova composición da Executiva federal, cunha ampla renovación dos seus membros é a seguinte:

Xesús Bermello García
 Marta Ferreiro Fernández
 Xesús Fernández Rivas
 Ana Rodiño Domínguez
 Xesús Diz Romay
 María Xosé Rodríguez Martínez
 Diego Boquete Sánchez
 Xosé M. Nogueira Rodríguez
 Laura Arrojo Reguera
 Xosé Anxo Terán Comesaña
 Henrique García Vázquez
 Teresa Carballido Salgado

A federación do Ensino estará representada no Consello Confederal da CIG, máximo órgano de goberno da central sindical, polas seguintes compañeiras e compañeiros:

Xesús Bermello García
 Marta Ferreiro Fernández
 Xosé Saiáns Torrado
 María Xosé Rodríguez Martínez
 Diego Boquete Sánchez
 Divina Núñez López



No seu discurso de clausura Suso Bermello comezou salientando o labor desenvolvido polos compañeiros e compañeiras que neste Congreso deixaron a Executiva da CIG-Ensino, Paula Bergantiños, Xosé Lois Rivera, Duarte Correa e Marta Dacosta e nomeadamente ao que foi durante os últimos 16 anos o seu secretario nacional: Anxo Louzao, do que dixo que “é unha referencia dentro e fóra do sindicato e déixanos o seu maxisterio, o seu traballo infinito e o seu compromiso inquebrantábel”.

Bermello salientou ademais a súa “entrega absoluta” por un modelo sindical que, afirmou, “axudou, como ninguén, a modelar”. Por iso considerou que “é un dos imprescindíbeis” e lembrando a frase que Castelao deixou escrita no Sempre en Galiza: “O verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeos en realidade, as ideas en feitos”, asegurou que “retrata perfectamente a persoas que, como Anxo, practicaron toda a vida o

heroísmo do traballo diario”.

Tampouco esqueceu aos compañeiros falecidos neste último ano, Xan Carlos González Basanta e Xulia Rodríguez Bravo.

Bermello lembrou que os prognósticos da CIG respecto do camiño polo que iría o capitalismo e as consecuencias que isto tería para a clase traballadora, mesmo antes de que se iniciara a crise, foron lamentablemente confirmados. Así denunciou que este sistema económico “empregou a crise, non como catarse, senón como purga dos dereitos conquistados ao longo de décadas” e asegurou que as pensións públicas, os dereitos laborais, os servizos públicos esenciais como a sanidade ou a educación, as políticas sociais, o control das propias finanzas de Estados xa sen soberanía económica, os salarios ou a estabilidade laboral, entre outros, foron “présas dun plan de desmantelamento dos denominados estados de

benestar que nos achegaron novas realidades”.

Denunciou o recurso do medo para promover a desmobilización social e “a suplantación da contestación social polo veredicto das urnas, como se algunha vez na Historia, as clases populares avanzaran sen mobilizarse”.

Vasalaxe a Madrid

O secretario nacional da CIG-Ensino denunciou tamén o papel de “vasalo de baixo rango” do goberno do PP en Galiza, do que dixo que non ten “capacidade nin interese polo autogoberno” e só a intención de “ser disciplinado e obediente en todo o seu desgoverno e, por suposto, tamén no ámbito educativo”.

Unha disciplina que considerou que seguiu coa implantación da LOMCE, co mantemento da selección antidemocrática das direccións dos centros públicos, coa aplicación do que resta das reválidas, coa redución das horas de docencia da nosa lingua na ESO e a prohibición do seu uso en materias científicas. Mais tamén “por pasiva, permitindo o incumprimento da minguada lexislación de normalización no ámbito educativo ou no xeral, ou por perifrástica cando non dá feito a ampliar un pseudoplurilingüismo que restrinxe aínda máis a presenza do galego”, denunciou.

Resposta desde o sindicalismo nacionalista

Diante desta situación Suso Bermello considerou que a única solución é garantir unha resposta “áxil, contundente, extensiva e aberta a todas as maiorías sociais que defenden os servizos públicos e os dereitos sociais, lingüísticos e nacionais” desde o



sindicalismo transformador que representa a CIG, mais tamén desde a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público ou Queremos galego que “demostraron ser auténticas catalizadoras da contestación social contra todo tipo de recortes e involucións”.

Retratou o modelo educativo do PP, do que dixo que “responde a uns principios ideolóxicos incuestionábeis” como “un ensino confesional, antidemocrático, segregador, españolizador, recentralizador das competencias ou privatizador”. E para demostralo fixo un percorrido polos sucesivos recortes aplicados nos orzamentos destinados ao ensino público fronte o incremento dos destinados ao privado.

Galegofobia

Bermello non escatimou críticas á “galegofobia acentuada” do goberno do PP desde a chegada de Feijóo coa “intención clara de camiñar cara a residualidade do noso idioma”. Denunciou a perda de galegofalantes nos últimos anos e chamou a incrementar o activismo, sendo conscientes de que grazas á mobilización social e a voces e actitudes

como as que a CIG-Ensino mantén é como podemos “facermos fronte ao batallón político e mediático contra a lingua galega”.

O recién elixido secretario nacional da CIG-Ensino alertou de que co Pacto Social pola Educación preténdese que a LOMCE “quede ben amarrada” e por iso augurou que “queda moito que pelexar”. Con todo considerou que “fomos e seremos quen” de enfrontar todos os retos que se presentan, “mantendo a liña de acción sindical referendada electoralmente e acompañada dese medre afiliativo necesario para garantir a nosa independencia sindical”.

Liñas de traballo

De cara aos vindeiros catro anos, Bermello apuntou como obxectivos manter o combate contra a LOMCE e contra os intentos de maquilala; a defensa da normalización lingüística e galeguización do ensino, coa necesidade dun marco superior do decreto de plurilingüismo e a recuperación dos dereitos sociais, laborais, salariais e profesionais roubados ao profesorado.

Xunto a isto apuntou a necesidade

de reforzar a estrutura de delegados e delegadas no ensino público como principal activo, así como o mantemento e posta ao día dos métodos de traballo e a súa mellora cando for preciso, incidindo na formación de novos cadros sindicais.

En todo caso garantiu que a CIG-Ensino continuará co seu contributo para a transformación social do noso país e na defensa “sen ambigüidades” dun sistema educativo público, gratuíto, galego e en galego, laico, antipatriarcal, coeducativo e profundamente democrático.

A CIG-Ensino, primeira en capacidade mobilizadora, en afiliación e en representatividade no ensino público.

O VII Congreso da CIG-Ensino deu comezo coa aprobación por unanimidade do Regulamento e coa defensa do Informe da executiva saínte por parte de Anxo Louzao, constatando o inxente traballo desenvolvido nos últimos catro anos.

Un período no que a federación conseguiu ampliar a afiliación nun 6% e incrementar a representación tanto no ensino público como no privado, situándose como central sindical maioritaria no ensino público non universitario, onde ten o 46% de representación, case a maioría absoluta, como primeira no ensino universitario, aumentando tamén a súa representación no ensino privado.

Louzao salientou a enorme actividade desenvolvida por mor do endurecemento das políticas neoliberais, con recortes de dereitos sociais, laborais e liberdades democráticas e, sobre todo, pola imposición da LOMCE, a marxinación da nosa lingua e a privatización do ensino público, mentres se derivaban miles de millóns de

euros ao privado concertado.

Lembrou que durante estes anos foron constantes as denuncias do “seguidismo total e absoluto de Madrid” da consellaría de Educación que se “desentendeu do sistema educativo galego” e a súa “actitude antidemocrática, autoritaria e caciquil”.

Subliñou a resposta sindical permanente que se deu desde a CIG-Ensino a estes ataques, con múltiples mobilizacións contra “estas políticas nocivas para o ensino público”; contra a privatización do ensino; contra a aplicación da LOMCE, coa convocatoria e participación en nove folgas e mobilizacións no ensino, a recollida de máis de 20.000 sinaturas contra esta lei e o boicot ás reválidas desde a PGDEP.

Nestes catro anos tamén se desenvolveron campañas e mobilizacións en demanda da recuperación dos dereitos arrebatados ao profesorado, nomeadamente contra o incremento da carga horaria lectiva, a redución salarial e das pagas extras e mesmo chegou a presentarse unha ILP neste sentido co respaldo de máis de 23.000 sinaturas.

Tal e como lembrou Anxo Louzao, a CIG-Ensino tamén exixiu, de forma constante máis dotación de profesorado nos centros e a redución das ratios; combateu os concertos educativos cos centros que segregan por razón de xénero, conseguindo que o propio Tribunal Supremo contra a concesión dos concertos con este tipo de centros ás que se lle quixo dar validez coa LOMCE e conseguiu



tamén que se lle recoñecera ao profesorado o dereito a ter un recoñecemento médico anual.

Durante este período a CIG-Ensino reclamou ademais máis orzamentos para o ensino público, desenvolveu unha campaña de valoración do labor docente, coa recollida de máis de 9.000 sinaturas, e a celebración de máis de 1.000 asembleas. Demandou o dereito a usar audiovisuais como material docente e combateu, de todos os xeitos posibles, as agresións contra o noso idioma, que ten agora menos presenza aínda que cando se impuxo o Decreto de Plurilingüismo.

Retos inmediatos

O VII Congreso tamén definiu as liñas de traballo a seguir para acadar os obxectivos que se marca a CIG-Ensino para os vindeiros catro anos, nomeadamente conseguir a restitución dos dereitos arrebatados ao profesorado; un novo marco para a lingua galega, cun modelo de inmersión lingüística no ensino que posibilite que a nosa lingua sexa vehicular no sistema educativo; unha Lei Galega de Educación; que se aprobe o Estatuto Galego do Profesorado e pular por un novo marco xurídico e político para termos un sistema educativo de noso, entre outros.



PROGRAMA DE FORMACIÓN

CURSO 2017-2018

FORMACIÓN ON-LINE

03/10/2017 A 23/10/2017

- Portugués inicial para docentes
- A auga fonte de vida

25/10/2017 A 14/11/2017

- Deseño e creación de páxinas web HTML5
- Claves para a elaboración dun plan de convivencia nun centro educativo

16/11/2017 A 12/12/2017

- O desenvolvemento do módulo de proxecto con recursos da rede
- Educación da voz para docentes II

09/01/2018 A 29/01/2018

- Protección de datos e propiedade intelectual nos centros educativos
- Cineclubes no ensino

31/01/2018 A 20/02/2018

- O emprego das redes sociais no ensino-aprendizaxe
- A arte galega. Aplicación na aula

22/02/2018 A 14/03/2018

- Inglés inicial para docentes
- Claves para a elaboración dun plan de coeducación nun centro de ensino

16/03/2018 A 10/04/2018

- Integración de competencias emocionais no currículo
- A progresiva represión da lingua galega. En gallego no le entiendo

12/04/2018 A 04/05/2018

- Letras Galegas 2018: María Victoria Moreno -

FORMACIÓN PRESENCIAL

A Coruña, 28 de outubro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria e Secundaria

Santiago, 21 de outubro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP

Pontevedra, 28 de outubro: Programacións didácticas para Infantil, Primaria, Secundaria

Lugo, 11 de novembro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria e Secundaria e FP

Vigo, 11 de novembro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria

Ourense, 4 de novembro: Programacións didácticas para Infantil-Primaria e Secundaria

Santiago, 21 de outubro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria

A Coruña, 28 de outubro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria

Vigo, 11 de novembro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria

Lugo, 21 de outubro: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria

Santiago, 2 de decembro: Comentario de textos filolóxico, lingüístico e literario

Pontevedra, do 18 ao 22 de setembro: XIX Semana de Educación de Pontevedra. Roteiros pedagóxicos.

Vigo, 11, 13, 15, 16, 19 e 21 de setembro: Paseos Pedagóxicos de Vigo. A auga como axente de erosión

Vigo, 18, 20, 22, 25 e 26 de setembro: XLI Xornadas do ensino. Arquitectura e a arqueoloxía das parroquias de Vigo

Santiago: 2º trimestre

XVI IXornadas de lingua e literatura

XV Xornadas da Muller

XXI Xornadas de Educación Infantil

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal